



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2009 18:17
Nº Rexistro: 02215
Data envío: 08/06/2009 18:17:36.245

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Bieito Lobeira Domínguez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, de conformidade coas disposicións procedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galiza e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza en setembro de 2004, establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos. Non é posíbel conseguir os fins que esta normativa propón sen afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de usos lingüísticos en galego.

Asemade, cómpre lembrar a Sentenza do Tribunal Constitucional, 337/1994 do 23 de decembro, onde se recolle o seguinte: “Doutra parte, tamén desde a perspectiva do artigo 27 CE, cómpre chegar á conclusión de que nin do contido do dereito constitucional á educación recoñecido en dito precepto nin tampouco, en particular, dos seus apartados 2,5 e 7 despréndese o dereito a recibir a ensinanza nunha soa das linguas cooficiais na Comunidade Autónoma, a elección dos interesados. O dereito de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es


15702 Santiago de Compostela

Galiza

todos á educación, non cabe esquecelo, exércese no marco dun sistema educativo no que os poderes públicos –isto é, o Estado a través da lexislación básica e as Comunidades Autónomas no marco das súas competencias nesta materia- determinan os currículos dos distintos niveis, etapas, ciclos e graos de ensinanza, as ensinanzas mínimas e as concretas áreas ou materias obxecto de aprendizaxe, organizando asemade o seu desenvolvemento nos distintos Centros docentes; polo que a educación constitúe, en termos xerais, unha actividade regrada. Deste modo, o dereito á educación que a Constitución garantiza non conleva que a actividade prestacional dos poderes públicos nesta materia poida estar condicionada pola libe opción dos interesados da lingua docente”.

Polo dito, e ante o envío da “consulta ás familias sobre a utilización das linguas no ensino non universitario” fórmulanse as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que metodoloxía científica se seguiu para a elaboración da “Consulta ás familias sobre a utilización das linguas no ensino non universitario de Galicia”?
- 2.^a) Que metodoloxía se vai seguir para a recollida de datos da consulta?
- 3.^a) Como se vai facer o reconto da consulta?
- 4.^a) Que persoal vai realizar este reconto?
- 5.^a) Con que garantías de transparencia se vai contar para o reconto dos resultados?
- 6.^a) Como se vai entender os cuantificadores indeterminados “maioría”, “unhas”,...?
- 7.^a) Cal é o orzamento para o desenvolvemento do proceso?
- 8.^a) Como e con que criterios se van aplicar os resultados?
- 9.^a) Se cada un dos proxenitores quere linguas diferentes, como vai resolver a administración?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2009 18:17
Nº Rexistro: 02215
Data envío: 08/06/2009 18:17:36.245

10.^a) Con que periodicidade se vai realizar esta enquisa? Cada curso? Cada dous cursos? De non ser o caso, poden realizar a enquisa as persoas que nos próximos anos vaian a escolarizar as súas crianzas ou que se atopen en idade fértil?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2009.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Bieito Lobeira Domínguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 08/06/2009 18:16:56

Bieito Lobeira Domínguez na data 08/06/2009 18:17:00